

**Antoloxía de poesía do Prerrexurdimento
e do
Rexurdimento**

Departamento de Lingua Galega e Biblioteca

CPI de San Sadurniño

Amor apresurado de Francisco Añón

Miráchesme, mireiche, nos miramos;
Sorríchesme, sorrinme, os dous sorrimos;
Nos nosos ollos nosa imaxen vimos:
Ti nos meus, eu nos teus nos retratamos,

Desde entonces d'amor nos abrazamos;
Un mesmo gusto ou pena os dous sentimos,
E anque a paraxes diferentes imos,
Decote no camiño tropezamos.

Xa que do corazón libres dispomos,
Ós páxaros dos bosques imitemos,
Que os niños fan entre ramaxe e gomos;

Nosa doce ventura apasuremos,
Que a vida é curta e responsables somos
Do tempo tan precioso que perdemos.
Francisco Añón, *Poesías Galegas*

- ***Se queres oír a versión musical***
<http://sondepoetas.blogspot.com/2008/01/amor-apresurado.html>

Daquelas que cantan as pombas i as froes
todos din que teñen alma de muller,
pois eu que n'as canto, Virxe da Paloma,

¡Ai!, ¿de qué a terei?

Rosalía de Castro, *Follas novas*

Cantarte, hei, Galicia

Cantarte hei, Galicia,
teus dulces cantares,
que así mo pediron
na beira do mare
Cantarte hei, Galicia,
na lingua gallega,
consolo dos males,
alivio das penas.

Mimosa, soave,
sentida, queixosa;
encanta si ríe,
conmove si chora.

Cal ela, ningunha
tan doce que cante
soidades amargas,
sospiros amantes.

Misterios da tarde,
murmuxos da noite:
cantarte hei, Galicia,
na beira das fontes.

Que así mo pediron,
que así mo mandaron,
que cante e que cante
a lingua que eu falo.

Rosalía de Castro, *Cantares gallegos*

Negra sombra

Cando penso que te fuches,
negra sombra que me asombras,
ó pé dos meus cabezales
tornas facéndome mofa.

Cando maxino que es ida,
no mesmo sol te me amostras,
i eres a estrela que brila,
i eres o vento que zoa.

Si cantan, es ti que cantas,
si choran, es ti que choras,
i es o marmurio do río
i es a noite i es a aurora.

En todo estás e ti es todo,
pra min i en min mesma moras,
nin me abandonarás nunca,
sombra que sempre me asombras.

Rosalía de Castro, *Follas novas*

- Para escoitar versións musicais dos poemas de Rosalía:

<https://sondepoetas.blogspot.com/2007/09/cando-penso-que-te-fuches-negra-sombra.html>

Carballos de Carballido de Eduardo Pondal

Carballos de *Carballido*,
cando era rapaz deiseivos;
Vin despois de moitos anos;
xa vamos vellos.

Pasáronse as alegrías,
que trouguera o tempo ledo;
A mocedá fui pasada;
xa vamos vellos.

Eu teño os cabelos brancos,
vos tendes os gallos secos;
os nosos días pasáno;
xa vamos vellos.

Eduardo Pondal, *Queixumes do pinos*

- Para escoitar versións musicais de poemas de Pondal
<https://sondepoetas.blogspot.com/2007/12/os-pinos.html>

Ouh, da terra de Xallas, feros corvos
que vagantes andás,
sen pensar nos destinos,
sen hoxe nin mañá.
¡quen puidera ser voso compañeiro
pola agreste soedá!

Eduardo Pondal, *Queixumes dos pinos*

Cántiga de Manuel Curros Enríquez

No xardín unha noite sentada
ó refrexo do branco luar,
unha nena choraba sen trégoas
os desdéns dun ingrato galán.
I a coitada entre queixas decía:
"Xa no mundo non teño a ninguén,
vou morrer e non ven os meus ollos
os ollíños do meu doce ben".

Os seus ecos de malenconía
camiñaban na alas do vento,
_____ i o lamento
_____ repetía:
"Vou morrer e non ven ó meu ben!"

Lonxe dela, de pé sobre a popa
dun aleve negreiro vapor,
emigrado, camiño de América
vai o probe, infelís amador.

I ó mirar as xentís anduriñas
cara a terra que deixa cruzar:
"Quen pudera dar volta pensaba,
quen pudera convosco voar!..."

Mais as aves i o buque fuxían
sin ouír seus amargos lamentos;
_____ sólo os ventos
_____ repetían:
"¡Quen pudera convosco voar!"

Noites craras, de aromas e lúa,
desde entón ¡que tristeza en vós hai
prós que viron chorar unha nena,
prós que viron un barco marchar!...

Dun amor celestial, verdadeiro,
quedou sólo, de bágoas a proba,
unha cova
nun outeiro
i on cadavre no fondo do mar.
Manuel Curros Enríquez, *Poesía completa*

- Se queres escoitar algunha das versións musicais:
<https://sondepoetas.blogspot.com/2008/03/cntiga.html>

A Rosalía de Curros Enríquez

Do mar pola orela
mireina pasar,
na fronte unha estrela,
no bico un cantar.

E vina tan soia
na noite sin fin,
¡que inda recei pola probe da tola
eu, que non teño quen rece por min!

A musa dos pobos
que vin pasar eu,
comesta dos lobos,
comesta se veu...
Os ósos son dela
que vades gardar.

¡Ai, dos que levan na fronte unha estrela!

¡Ai, dos que levan no bico un cantar!

Manuel Curros Enríquez, *Poesía galega completa*

- Se queres escoitar a versión musical:

<http://sondepoetas.blogspot.com/2009/05/rosalia-manuel-curros-enriquez.html>

Vagantes do mar bruantes!
Que non se pasme de versos
non sabe sentir o grande!

Manuel Leiras Pulpeiro

Se querés desmorriñarme,
levaime pra onde o mar vexa,
e os seus airiños me cheguen,
e o sinta cando referva;
levaime pra onde máis zoupe
e máis se esfache nas penas
e, ao reventaren as olas,
mover os salseiros sexan;
ou ,de non , leváime a donde
poida ter a man, siquera
pra espellarme , !unhas pociñas
entre os xuncos da ribeira!

Manuel Leiras Pulpeiro



Avda Marqués de Figueroa, 19
15560 SAN SADURNIÑO
Teléfono: 881930489
cpi.sansadurnino@edu.xunta.es



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



San Sadurniño
www.sansadurnino.gal



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo